



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP APÓSTOLO SANTIAGO

R/ Proxecto Vagalume nº 2

Tfno e Fax 981 543172

15704 Santiago de Compostela

www.edu.xunta/centros/ceipapostolosantiago

ceip.apostolo.santiago@edu.xunta.es

Bo día familias! Agardamos que todo vaia ben.

Precisamos que, se non ao tedes feito ata o de agora descarguedes "Abalar móbil", é unha app para o móbil a través da cal poderedes recibir, entre outras cousas, as notas das vosas crianzas do 2º trimestre . É moi fácil de descargar:

1. Buscades "app store", ou no "play store".
2. Marcades o voso número de teléfono e vanvos enviar un código.
3. Entrades con ese código e pídevos que lle poñades a contrasinal.
4. Dádeslle a confirmar e debería aparecervos o nome da vosa crianza.

Contamos enviar as notas o sábado 4 de abril.

Por outra banda ante as dúbidas xurdidas polas axudas de comedor que se anunciaron nos medios de comunicación queremos aclarar que as familias deste centro non están comprendidas entre as beneficiarias.

Son axudas para aqueles centros que reciben fondos da Consellería para a xestión do comedor , ben directa porque teñen cociña no centro ou indirecta porque contratan un servizo de catering.

No caso do noso centro é o Concello o que recibe esa aportación da Consellería e a forma que ten de revertila nas familias é facendo o reparto de alimentos os días que os servizos sociais vos informaron e nos centros que escolleron para tal fin.

Para rematar imos contactar convosco para facer unha base de datos que recolla a situación de cada familia en relación á existencia de conexión a internet e as posibilidades de utilización dese recurso como ferramenta de traballo educativo.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2020

Un cordial saúdo.

A directora:



Asdo.: M.ª Delfina Bañobre Durán